

### ***Algo máis que un café. O Derby de Vigo. 1921-1968***

Editorial Galaxia vén de publicar o último libro de Albino Mallo, titulado *Algo máis que un café. O Derby de Vigo. 1921-1968*, con máis de cincuenta anos de historia do que fora establecemento do seu pai e centro de xuntanza de escritores, artistas plásticos, profesionais e tamén de emigrantes e familiares antes do embarque.

Situado no centro de Vigo, nesa praza de Urzaiz na que comezaba a ascender a rúa do mesmo nome (José Antonio noutros tempos), tiña ao seu carón tamén a rúa do Príncipe, e por alí pasaron García Lorca, Valle Inclán, Augusto Assía, Uxío Montes, o escritor venezolano Rómulo Gallegos, sen esquecer a Marcial Lafuente Estefanía, o director cinematográfico Mur Oti, o produtor Cesáreo González e xentes do teatro como José Tamayo, Paco Rabal ou Aurora Bautista.

Pero, fundamentalmente, fora lugar fixo de xuntaza de intelectuais galegos como os escritores Francisco Fernández del Riego, finado poucos días despois da presentación do libro, irmáns Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, González Alegre, Filgueira Valverde, Luís Seoane, Cunqueiro ou Castroviejo. E entre os pintores Maside, Laxeiro, Colmeiro, Urbano Lugrís, Díaz Pardo, Lodeiro, Abelenda, Bustamante, M. González, Xavier Pousa ou Javier Varela Guillot. Nas súas mesas naceu a idea da Editorial Galaxia con Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e o avogado Xaime Illa, aínda que logo os estatutos se asinaron en Compostela.

O libro presentouse na Casa das Letras e das Artes de Vigo que comparte coa Fundación Penzol o que fora a antiga sede do concello e o orador principal foi o director de Galaxia e novelista, Víctor Fernández Freixanes.